



50 Asemblea Xeral de ADEGA

PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN

1. **Palestina: paremos o xenocidio!**

A Asemblea de ADEGA solidarízase coa loita do pobo palestino pola súa supervivencia e denuncia máis dunha vez o xenocidio que contra el está a cometer o estado sionista de Israel. Exiximos un alto o fogo definitivo e permanente baixo a supervisión única das Nacións Unidas e o cumprimento de todas as resolucións deste organismo, así como recoñecemento pleno dos dereitos sociais e políticos do pobo palestino. Demandamos da UE e do Estado español a inmediata cancelación de todas as relacións diplomáticas e comerciais co estado de Israel mentres persista o xenocidio e o apartheid contra a poboación non xudea nos territorios ocupados.

2. **Incendios NUNCA MÁIS!**

A Asemblea de ADEGA quere manifestar o seu apoio aos concellos, comunidades e persoas atinxidas nos seus territorios pola vaga de lumes do pasado verán. Exiximos primeiramente da Xunta de Galiza e do Estado español medidas urxentes para minorar as consecuencias dos incendios e evitar novos prexuízos ambientais e sociais. E da Xunta, demandamos tamén unha mudanza profunda das actuais políticas forestais, ambientais e territoriais para diminuír no posíbel os factores que condicionan unha maior incidencia dos lumes. Seguir como até o de agora non só é irresponsábel, senón tamén suicida. Finalmente dende ADEGA queremos dar as grazas aos centos de persoas que se ofreceron voluntarias para traballar nos labores de rexeneración das terras arasagas polo lume, así como aos concellos colaboradores. Lumes NUNCA MÁIS!

3. **ALTRI fóra para sempre!**

A Asemblea de ADEGA faise eco máis unha vez da vontade cidadá expresada repetidamente por milleiros de persoas nas rúas e nos despachos para exixir á Xunta que rexeite definitivamente o denominado “Proxecto Gama” para a construción dunha celulosa na Ulloa. Non se trata doutro proxecto industrial máis, é unha bomba ambiental e unha afrenta a toda a cidadanía galega. Lembramos á Xunta do PP que seguimos alerta perante calquera intento de autorización do proxecto, que será inmediatamente respondido coa forza da razón e do compromiso cidadá como aconteceu noutras tantas loitas ambientais da nosa historia recente.

4. **Foxa Atlántica: verdade e reparación xa!**

A Asemblea de ADEGA exige á UE e ao Estado español que asuman as súas responsabilidades no seguimento e control dos posíbeis efectos das 140.000 toneladas de refugallo radiactivo vertidos durante 33 anos na Foxa Atlántica. A cidadanía galega ten dereito a saber o estado en que se atopan estes bidóns e o risco que supoñen para a saúde e o ambiente logo de máis de 70 anos no mar.

Agradecemos ao CNRS (Centro Nacional de Investigación Científica de Francia) a campaña de investigación iniciada o pasado verán, que deixa en evidencia a vergoñenta actitude europea e os perigos da enerxía nuclear.

5. Investigación sobre os efectos das vagas extractivistas

A Asemblea Xeral de ADEGA lanza unha proposta á comunidade científica e/ou investigadora do país, para que emprenda un estudo ou investigación sobre as causas e os efectos ecolóxicos, sociais e económicos que nos últimos 50 anos tiveron para Galiza as numerosas e diferentes vagas extractivistas e/ou colonialistas dos recursos naturais propios, perpetradas de forma permanente polo sistema capitalista.

6. Recoñecemento ás fundadoras de ADEGA

A Asemblea Xeral de ADEGA, con motivo do seu 50 aniversario, fai un recoñecemento especial ás persoas que fundaron a Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza (ADEGA), polo seu atino e papel fundamental e imprescindible na construción dun movemento social organizado na defensa ecolóxica da terra galega, nos que ademais se integran a defensa do patrimonio cultural e da lingua propia. Un movemento que ao longo dos últimos 50 anos foi capaz de defender o pobo e o territorio galego de milleiros de agresións, colleitando numerosos logros determinantes para o país a longo dos seus últimos 50 anos de existencia.